

XXX

Reclamante: XXX
Expediente. Nº **RSCTG 30/2024**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 12 de febreiro de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 9 de Abril de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de Febreiro de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Economía, Industria e Innovación con data de 27 de novembro de 2023, de acceso ao dereito mineiro da amparo á actividade de canteira situada no lugar de Lourixe, Parroquia de Hermunde, Concello de Pol-Lugo, e ao titular do mesmo.

XXX indica que non tivo resposta á súa solicitude.

Segundo. Con data do 15 de Febreiro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Economía, Industria e Innovación, para que en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 27 de Febreiro de 2024 a Consellería de Economía, Industria e Innovación contesta a petición remitindo o informe da Xefatura Territorial da Consellería e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indicase que con data do 29 de novembro de 2023, deuse traslado da solicitude ao titular do dereito mineiro por si a información solicitada puidese afectar aos seus dereitos ou intereses, concedéndose un prazo de quince días para formular alegacións, informándoo así mesmo ao solicitante da interrupción do prazo para ditar resolución. Non consta que polo titular se formulasen alegacións.

Considera o informe que ao ser o solicitante no seu momento, director facultativo do dereito mineiro sobre o que versa a solicitude, e no exercicio de tales funcións asinou os plans de labores anuais, resulta evidente que é plenamente coñecedor de que explotación mineira se trata e quen é o titular do dereito, polo que considera que a solicitude é abusiva.

Por outra banda, no portal público do Catastro Mineiro de Galicia pode realizarse a comprobación da situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros existentes na comunidade galega, podendo visualizar unha representación gráfica da súa delimitación así como obter datos básicos relativos, entre outros, á súa denominación, núm. rexistro e o seu titular. Constan na Xefatura Territorial queixas ou peticións de acceso a información realizadas por este solicitante que versan precisamente sobre datos reflectidos nesa aplicación, do que se infire que o interesado é sabedor da existencia desta ferramenta, de como se pode acceder a ela e do tipo de información que se pode obter nela.

Por estes motivos, considera que debería ratificarse o sentido desestimatorio do silencio por entender que o pedimento resulta abusivo posto que se está a solicitar unha información sobradamente coñecida polo interesado e, en calquera caso, esta está a disposición do público nunha aplicación igualmente coñecida polo interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente.

XXX solicitou á Consellería, acceso a determinada información sobre un dereito mineiro sen obter resposta.

Debe lembrarse á Consellería que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

A Consellería no informe remitido, alega unha serie de xustificacións en base ás cales entende que a solicitude é abusiva, por ser coñecedor o solicitante de parte da información solicitada, e existir unha aplicación accesible a calquera cidadá na que pode acceder a outra parte da mesma.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, resposta que neste caso non se produciu.

Por outra banda, o feito de que a información xa estea publicada só é relevante para o xeito de como debe ser facilitada indicando o artigo 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro que se a información xa fora publicada, a resolución poderá limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder a ela, sen que este feito exima a Administración de resolver expresamente a solicitude presentada.

De acordo co anterior, procede estimar a reclamación presentada, debendo a Consellería ditar resolución expresa sobre a solicitude, con indicación dos recursos que contra ela proceden.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 12 de febreiro de 2024 contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada #ante a Consellería de Economía, Industria e Innovación con data de 27 de novembro de 2023, de acceso ao dereito mineiro da amparo á actividade de canteira situada no lugar de Lourixe, Parroquia de Hermunde, Concello de Pol- Lugo, e ao titular do mesmo

Segundo: Instar á Consellería de Economía, Industria e Innovación a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Economía, Industria e Innovación, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 92 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.